



## NOTA INFORMATIVA

En sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023, o tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG número 61 do 28 de marzo) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral temporal de postos de auxiliar de policía local convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023, publicada no Diario Oficial de Galicia número 41, do 28 de febreiro de 2023 acordou:

-Que o primeiro exercicio do proceso selectivo levarase a cabo o día 21 de abril de 2023, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, situado na Rúa Padre Fernández Olmedo, número 1, 36002 Pontevedra.

As persoas aspirantes entregarán ese mesmo día ao Tribunal un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da proba de aptitude física.

Os horarios correspondentes a cada persoa aspirante serán publicados na páxina web da Agasp. O chamamento será único para cada persoa aspirante, que deberá presentarse no horario indicado.

As persoas convocadas deberán ir provistas de:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento.
3. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba do proceso e que deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data da proba.

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Na Estrada, a 13 de abril de 2023

A presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

